



O plan de axudas UNICO 5G_Redes Activas está financiado polo Fondo de Recuperación da Unión Europea 'NextGenerationEU' e xestionado polo Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública

UNICO 5G rural completado: R e MasOrange chegan con 5G aos 245 municipios galegos de menos de 10 000 habitantes do plan e ofrecerán cobertura 5G case que total en Galicia este ano

- *R e MasOrange completaron o Plan UNICO 5G_Redes Activas levando a mellor tecnoloxía 5G ao 100 % dos 245 municipios galegos de menos de 10.000 habitantes incluídos no programa do Ministerio para a Transformación Dixital.*
- *O 97 % da poboación dispón de 5G en Galicia con MasOrange e R e este ano falaremos dunha cobertura practicamente total que rematará coa fenda dixital no territorio.*
- *Grazas ao plan UNICO 5G e a outras despregaduras desenvolvidas dende hai anos por R en zonas de difícil acceso, localidades pouco poboadas ou apartadas dispoñen xa de altísimas velocidades e os seus habitantes poden traballar en remoto ou ver a tele coa máxima calidade, ao mesmo nivel do que en cidades grandes.*
- *R, marca de referencia de MasOrange en Galicia, subscribe o seu compromiso de cobertura para facilitar o acceso de toda a poboación galega ás novas tecnoloxías e que ningunha persoa nin empresa teña menos oportunidades para competir e conectarse co mundo.*
- *En 2026 ese compromiso esténdese, co servizo 'cachocobertura R', a interiores de inmobles de diversas localidades galegas onde a rede móbil non chega ou onde hai problemas de cobertura polas súas características arquitectónicas ou urbanísticas.*

Martes, 7 de xullo de 2026.- R e MasOrange chegaron xa coa súa cobertura móbil 5G ao 100 % dos **245 municipios galegos** de menos de 10.000 habitantes programados no plan UNICO 5G_Redes Activas e construíron ou activaron a totalidade da infraestrutura prevista para dar o servizo máis avanzado de 5G no rural de Galicia.

Así, fogares e empresas destas zonas afastadas ou de difícil acceso poderán gozar da tecnoloxía 5G SA máis completa, estable e avanzada, que, entre outras vantaxes, reduce ao máximo a latencia (resposta de conexión inmediata).

Este proxecto desenvolveuse grazas ao plan de axudas **UNICO 5G_Redes Activas**, financiado polo Fondo de Recuperación da Unión Europea 'NextGenerationEU' e xestionado polo Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (*Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno*).

5G para un 20 % de poboación dispersa no 80 % dos municipios galegos

Este plan dotou de cobertura 5G SA ao 80 % dos concellos da comunidade, nos que **se concentra tan só o 20 % da poboación**, o que dá unha idea da súa dispersión e do que supón chegar ata o último recuncho de Galicia con esta tecnoloxía de última xeración.

Así acontece xa, por exemplo, en **Negueira de Muñiz (Lugo), o municipio menos poboado da comunidade, de 237 habitantes** (INE 2025). E xunto a Negueira de Muñiz, 23 concellos dos 25 menos poboados do territorio, como os ourensáns da Teixeira, de 347 habitantes; Larouco, de 443, e Pontedeva, de 467; ou Ribeira de Piquín, en Lugo, de 492. En total, ata 245 concellos que ficaron cubertos con tecnoloxía avanzada 5G (ver **ANEXO**).

A maiores do Plan UNICO 5G, **R** mantén abertas outras vías en Galicia para seguir chegando con tecnoloxía móbil a máis municipios afastados ou de moi difícil acceso da xeografía galega; en ocasións mesmo a **lugares ou parroquias con menos dunha decena de habitantes**. As persoas e empresas destes núcleos terán as mesmas facilidades que nas cidades para acceder á información, conectarse co mundo e educar en igualdade de condicións, ademais de quedar preparadas para necesidades tecnolóxicas futuras.

Alfredo Ramos, director de **R** e territorial de MasOrange en Galicia, salientou *“a importancia de compartir con administracións públicas e institucións este compromiso coa conectividade de Galicia. Falarmos de 5G UNICO Rural é falarmos de igualdade de oportunidades, a base para que calquera persoa en Galicia poida formarse, traballar e emprender dende o rural en condicións similares ás das cidades. O activismo rural de **R** e de Masorange consiste en pór a tecnoloxía ao servizo das persoas, do campo, da industria agroalimentaria e da sostiabilidade. E en facilitar, ademais, que o talento fique ou volte a un rural en igualdade de condicións para competir, medrar e liderar”*.

Cobertura móbil tamén de portas a dentro e banda larga con 5G

O empeño de **R** e de Masorange en Galicia por levar a súa cobertura 5G ata o derradeiro recuncho de Galicia reforzouse en 2026 con outras solucións específicas para os **problemas de cobertura móbil en interiores**. O servizo **cachocobertura R** está pensado e deseñado para inmobles de fogares e negocios onde, **malia o esforzo investidor prolongado durante décadas**, o sinal móbil non pode penetrar axeitadamente por **causas estruturais**: muros moi grosos, sotos, locais interiores, edificacións antigas ou con materiais que atenúan o sinal e outras situadas en zonas con especial complexidade arquitectónica ou urbanística.

Xustamente neses ambientes unha solución específica como **cachocobertura R** pode marcar a diferenza. Porque facilita **cobertura móbil real en calquera inmovle** grazas a un repetidor móbil propio autoinstalable dentro da vivenda ou empresa ('femtocelda') para brindar unha experiencia óptima alí onde a rede móbil non chega, mesmo nos casos de peor sinal e con máis dificultades de cobertura.

Paralelamente, o **servizo VoWiFi de R** pode tamén optimizar a cobertura mediante as opcións dispoñibles nos dispositivos do/da cliente/a. Con **VoWiFi** pódense facer **chamadas de calidade onde non hai cobertura móbil** abonda pero si rede wifi operativa.


Ademais, **R** é o primeiro operador que dota clientes/as sen fibra en Galicia dunha **solución 5G converxente fixo e móbil**. Deste xeito, **preto de 300 municipios** galegos xa gozan do servizo 'Internet rural', solución de **banda larga a través de 5G** (co “mambo *Axiña*”) para ofrecer alta velocidade e wifi 6 ás poboacións de aldeas e lugares onde non é posible levar a fibra óptica. Cando se completen os traballos, 300 000 inmobles dispersos pola orografía galega gozarán de velocidades de ata 1 Gbps e poderán facer uso de múltiples dispositivos á vez, traballar en remoto ou ver a televisión coa máxima calidade, cunha experiencia moi similar á opción óptima da fibra e moi por diante das conexións por satélite.

Minorar a fenda: compromiso de R e de MasOrange co territorio

Posibilitar o acceso da poboación de Galicia ás novas tecnoloxías e rematar coa fenda dixital en calquera nivel foron, dende o principio da súa andaina, razóns de ser de **R**. O operador galego mantivo sempre —e reforzou aínda máis con MasOrange— a súa decidida aposta polo desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico de Galicia, que se concretou en máis de 2300M€ de investimento histórico acumulado polo Grupo no territorio ao longo da súa traxectoria.

En breve, a práctica totalidade dos fogares e empresas galegas contarán coa conectividade móbil máis avanzada tamén **no medio rural** ou en zonas de acceso complicado. Este balance, sumado ás porcentaxes no contexto urbano de Galicia, apunta a unha **cobertura case que total 5G do territorio este mesmo ano**.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal



*a Imaxe de *cachocobertura* inclúe material xerado con IA

ANEXO _listaxe de municipios galegos de menos de 10 000 habitantes que dispoñen xa de **cobertura móbil 5G de R e MasOrange** [programa UNICO 5G_Redes Activas]

A Coruña (68 municipios):

Abegondo, Aranga, Ares, Arzúa, A Baña, Bergondo, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Coristanco, Curtis, Dumbria, Fisterra, Frades, Irixoa, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Muros, Muxía, Neda, Negreira, Oroso, Ortigueira, Oufes, Oza-Cesuras, Paderne, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Rois, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmador, Vimianzo e Zas.

Lugo (61 municipios):

Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Friol, Guitiriz, Gunfín, O Incio, Lánca, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muñiz, As Nogais, Oulol, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra do Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Xermade e Xove.

Ourense (80 municipios):

Allariz, Amoeiro, A Arnoia, Avión, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Chandrea de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, Gomesende, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, A Merca, A Mezquita, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada de Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedeua, Punxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ribadavia, Riós, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sarreaus, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Vereia, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilamarín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo.

Pontevedra (36 municipios):

Agolada, Arbo, Barro, Caldas de Reis, Campo Lameiro, A Cañiza, Catoira, Cerdado-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, Forcarei, Fornelos de Montes, A Guarda, A Illa de Arousa, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz, Moraña, As Neves, Oia, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Rodeiro, O Rosal, Salceda de Caselas, Silleda, Soutomaior, Valga, Vila de Cruces e Vilaboa.



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
PARA LA TRANSFORMACIÓN DIGITAL
Y DE LA FUNCIÓN PÚBLICA



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia